



Guía Docente						
Datos Identificativos				2023/24		
Asignatura (*)	Cristalografía e Simetría		Código	610G04006		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6		
Idioma	Castelán/Galego					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Física e Ciencias da Terra					
Coordinación	Hernández Hernández, Armand	Correo electrónico	armand.hernandez@udc.es			
Profesorado	Hernández Hernández, Armand López Vicente, Manuel Moncunill Solé, Blanca	Correo electrónico	armand.hernandez@udc.es manuel.lopez.vicente@udc.es blanca.moncunill@udc.es			
Web						
Descripción xeral	¿Cristalografía e Simetría? é unha materia do segundo semestre do primeiro curso do Grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía, que pertence ao Módulo de Formación Básica. Con ela preténdese que o alumnado coñeza e aprenda a aplicar os fundamentos da simetría puntual e coñeza a simetría espacial, se familiarice co mundo dos cristais, coas estruturas más comúns dos sólidos cristalinos, coa difracción de raios-X como ferramenta de caracterización dos cristais, así como coa relación da cristalografía e a simetría con outras disciplinas. Estes coñecementos e habilidades proporcionarán a base teórica e práctica necesaria para que o estudiantado poda profundizar no mundo dos nanomateriais cristalinos e a súa caracterización por métodos difractométricos e espectroscópicos en posteriores materias do grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía.					

Competencias / Resultados do título		
Código	Competencias / Resultados do título	

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Identificar as principais formas, estruturas, crecementos, óptica e sistemas cristalinos		A3 A5 A7	B6 B7 B8 C3 C8
Describir e analizar a forma externa dos cristais, os seus modelos estructurais e as súas posibles transformacións		A3 A5 A7	B6 B7 B8 C3 C8
Diferenciar os principais elementos de simetría e a súa nomenclatura		A5	B4 C3
Recoñecer os fundamentos da difracción		A3 A6 A8	C3 C7 C8
Resolver problemas básicos de cristalografía		A3 A5 A7	B7 B8 C3

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Introducción.	Introdución ao mundo dos cristais e da simetría. A súa relevancia no campo da nanociencia e a nanotecnoloxía.



Tema 2. Teoría reticular.	Redes cristalinas. Nudos, filas, planos reticulares e as súas notacións. Celdas elementais. Redes reciprocas. Espaciado reticular. Exercicios e problemas.
Tema 3. Simetría dos cristais e das moléculas I: Simetría puntual e Simetría espacial.	Concepto de simetría. Operadores de simetría puntual. Aplicacións da simetría puntual. Redes de Bravais. Introducción á simetría espacial. Traslacións. Planos de deslizamento. Eixes helicoidais. Exercicios e exemplos prácticos.
Tema 4. Simetría dos cristais e das moléculas II: Teoría de grupos.	Fundamentos da teoría de grupos. Descripción, nomenclatura e representación dos Grupos Puntuais de Simetría (G.P.S.). Simetría molecular e Simetría cristalina. Proxección estereográfica. Resolución de problemas.
Tema 5. Morfoloxía cristalina e propiedades dos cristais.	Formas e hábitos. Mecanismos de crecimiento cristalino. Propiedades físicas. Óptica cristalina. Propiedades ópticas e estructura dos minerais. Resolución de exercicios.
Tema 6. Cristaloquímica. Introducción á difracción de raios-X.	Conceptos básicos da interacción radiación-materia. A ley de Bragg. Os difractogramas de raios-X de pó e a súa utilidade no estudo de sólidos cristalinos.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A5 A7 B4 B7 B8 C8	28	42	70
Prácticas de laboratorio	A5 A6 A7 A8 B6 B7 B8 C3 C7	12	12	24
Obradoiro	A3 A5 B6 C7 C3	10	43	53
Proba obxectiva	A3 A5 A7 B4 B7 B8 C8	2	0	2
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Na clase maxistral introduciránse os contidos dos correspondentes temas, destacando os seus aspectos más importantes e deténdose particularmente naqueles conceptos fundamentais e/ou de más difícil comprensión para o alumnado. Trátase de sesión interativas, nas que se pretende que o alumnado participe formulando preguntas e requerindo a clarificación de ideas ou conceptos.
Prácticas de laboratorio	Preparación e estudio de compostos cristalinos. Interpretación dos resultados obtidos usando programas informáticos. Utilización de modelos morfológicos e estructurais dos cristais. Introducción á caracterización mediante difracción de Raios-X. O alumnado elaborará un caderno de laboratorio no que describirá o traballo realizado no laboratorio e a análise dos resultados, así como as principais conclusións.
Obradoiro	Estas sesións estarán dedicadas á resolución de problemas e cuestións por parte do alumnado, coa orientación do profesorado. Estes problemas facilitaranse secuenciados no tempo de acordo cos contidos tratados nas sesións maxistrais. O traballo realizarase individualmente ou en grupos baixo a dirección do profesorado
Proba obxectiva	Probas eliminatorias dos contidos da materia consistentes en preguntas de desenvolvemento e tamén de tipo test, así como exercicios de problemas que serán semellantes aos analizados ao longo do curso. O seu obxectivo é obter unha avaliación do nivel de coñecementos e competencias atinxidos polo alumnado, así como avaliar a capacidade do alumnado para relacionalos e para obter unha visión de conxunto da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción



Prácticas de laboratorio Obradoiro Proba obxectiva Sesión maxistral	A metodoloxía de ensino proposta está baseada no traballo do estudiantado, quen se converte no principal responsable do seu proceso educativo. Para que obteña o mellor rendemento do seu esforzo, e co fin de guialo neste proceso, é de extrema importancia acadar unha interacción estreita e constante alumnado-profesorado. A través de tal interacción, e das diferentes actividades de avaliación, o profesorado podrá determinar ata que punto o alumnado está a acadar os obxectivos propostos en cada unidade temática e orientalo a este respecto. Esta orientación levarase a cabo a través de entrevistas individuais que se celebrarán nas horas de titoría do profesorado e/ou nos horarios más convenientes para o alumnado.
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A5 A6 A7 A8 B6 B7 B8 C3 C7	Avaliaranse os seguintes aspectos do traballo no laboratorio: <ul style="list-style-type: none">- Organización do traballo e seguridad.- Actitude, curiosidade científica e grao de implicación no traballo.- Calidade na interpretación dos resultados.- Calidade do informe final (caderno de laboratorio).	20
Obradoiro	A3 A5 B6 C7 C3	Cualificaranse tanto as respostas do alumnado como a súa participación individual ou de grupo nas correspondentes actividades presenciais. Ocasionalmente, e a requerimento do profesor, o alumnado deberá entregar os boletíns de problemas que tamén poderán ser avaliados.	10
Proba obxectiva	A3 A5 A7 B4 B7 B8 C8	Probas eliminatorias dos contidos da materia.	70

Observacións avaliación



A avaliación da materia dividese

en:

-Primera proba obxectiva:

25% (Temas 1, 2)

-Segunda proba obxectiva:

45% (30% Temas 3, 4, 5; 15% Tema 6)

-Prácticas de

Laboratorio: 20%

-Obradoiros e seminarios:

10%

A avaliación non poderá ser positiva

se non se asistiu a todalas clases de laboratorio.

As matrículas de honra outorgaranse

prioritariamente a alumnado que supere a materia na "primeira oportunidade". Só se outorgará na ?segunda oportunidade? se o número máximo delas non se cubre na primeira.

O estudantado que no supere a

materia na Primeira Oportunidade será avaliado nos exames oficiais da Segunda Oportunidade. Nesta convocatoria avaliarase do mesmo xeito (porcentaxes), cun exame dos contidos teóricos e prácticos e entrega dos traballos de seminario. Para obter a calificación de NON PRESENTADO, o estudantado non poderá ter participado en más dun 25% das actividades avaliables programadas.

O alumnado que se acolla ao

?recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia? de acordo coa normativa da UDC, deberá asistir de maneira obligatoria ás prácticas de laboratorio.

A cualificación final para os

devanditos alumnos/as constará de dúas partes: a cualificación obtida nas prácticas de laboratorio, que contribuirá nun 20% á nota final, e a proba mixta, que computará polo 80% restante. Estas porcentaxes de cualificación aplicaranse ás dúas oportunidades.

No caso de circunstancias

excepcionais, obxectivables e adecuadamente xustificadas, o profesor responsable podería eximir total ou parcialmente a algún membro do alumnado de concorrer ao proceso de avaliación continuada. O alumnado que se atopa nesta circunstancia deberá superar un exame específico que non deixe dúbidas sobre a consecución das competencias propias da materia.

A realización fraudulenta das probas

ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na materia na oportunidade correspondiente: o/a estudiante será calificado/a con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a realización/comisión da falta prodúcese na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederáse a modificar a súa calificación na acta da primeira oportunidade, no case de ser necesario.

Segundo establece a "Norma que

regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudiantes de grao na UDC" (Art.3.b e 4.5) e as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das calificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Art. 3 e 8b), o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica

de exención de asistencia deberá de poder participar dunha metodoloxía formativa e actividades docentes asociadas que lle permitan acadar os obxectivos formativos e as competencias propias da materia. Porén, este alumnado poderá participar dun sistema personalizado de titorías de orientación e avaliación que servirán por unha banda, para orientar o traballo autónomo do/a alumno/a e levar un seguimento da súa progresión durante o curso; e por outra, para avaliar o grao de desenvolvemento competencial acadado.

A porcentaxe de dispensa quedará prefixada nunha primeira entrevista co alumnado, unha vez coñecida a súa situación persoal. Deste xeito, fixarase un cronograma para as titorías de orientación, e determinarase o número de obradoiros de resolución de problemas que deberán ser avaliados mediante esta metodoloxía (cada dúas sesións de seminario ou obradoiro serán avaliados mediante 1 titoría). Unha vez coñecidos, ponderarase o seu número sobre o total e fixarase o número de titorías das que este alumnado deberá participar. Todas elas serán prefixadas co alumnado en función da súa disponibilidade, atendendo ao cronograma de contidos da materia e concretando os prazos de entrega do diferente material susceptible de ser avaliado (boletíns de problemas e cuestións). Este material seralle entregado previamente a través da plataforma Moodle segundo o cronograma acordado na entrevista inicial.

Durante as sesións de titoría trataranse aspectos asociados tanto aos contidos da materia como á revisión conxunta dos traballos entregados.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Sands, Donald E. (1974). Introducción a la cristalografía. Barcelona, Reverté- Kettle, Sidney F.A. (2007). Symmetry and structure readable group theory for chemists. Hoboken: John Wiley- Borchardt-Ott, Walter (2011). Crystallography : an introduction . Berlin, Springer- Dept. de Cristalografía y Biol. Estruc. , CSIC (2020). Crystallografía.- Hargittai, István (1995). Symmetry through the eyes of a chemist. New York : Plenum Press- Hammond, C (2009). The Basics of crystallography and diffraction. Oxford University Press- Klein, C; Hurlbut, C.S. Jr. (1996-1997). Manual de mineralogía basado en la obra de J.D. Dana. Vol. 1.. Barcelona, Reverté- Bloss, F.D. (1994). Crystallography and crystal chemistry: an introduction. Washington, Mineralogical Society of America
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Müller, Ulrich (2013). Relaciones de simetría entre estructuras cristalinas : aplicaciones de la teoría de grupos cristalográficos en cristaloquímica. Madrid- DAVID J. WILLOCK (2009). Molecular Symmetry. Willey- Giacovazzo, C (2011). Fundamentals of crystallography. Oxford ; New York : Oxford University Press- Amorós, J.L. (1990). El Cristal : morfología, estructura y propiedades físicas. Madrid, Ed. Atlas- Nesse, W.D. (2009). Introduction to optical mineralogy. New York : Oxford University Press- Amigo, J.M. et al. (1981). Cristalografía.. Madrid, Rueda.

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Química: Enlace e Estrutura/610G04005

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Cristalografía Avanzada/610G04042

Técnicas de Caracterización de Nanomateriais 2/610G04030

Técnicas de Caracterización de Nanomateriais 1/610G04025

Estado Sólido/610G04022

Espectroscopía/610G04017

Observacións

A materia require ter cursado con aproveitamento a materia "Enlace e Estrutura" (610G04005). Programa Green Campus Facultade de Ciencias Para axudar a conseguir unha contorna sustentable e cumplir co punto 6 da "Declaración Ambiental da Facultade de Ciencias (2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia: a) Solicitaranse maioritariamente en formato virtual e soporte informático. b) De realizarse en papel: - Non se emplegarán plásticos. - Realizaranse impresións a dobre cara. - Empregarase papel reciclado - Evitaranse borradores Recoméndase a asistencia e participación nas clases teóricas. Requírese saber redactar, sintetizar e presentar ordeadamente un traballo, así como a aplicación a un nivel de usuario de ferramentas informáticas (uso de Internet, procesador de textos, presentacións, etc.). Incorporación da perspectiva de xénero - Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos性s, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...) - Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influírse na contorna para modificálos e fomentar valores de respecto e igualdade. - Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías